

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ELVIÑA
CURSO: SEGUNDO BACHARELATO
MATERIA: GREGO
DEPARTAMENTO: LINGUAS CLÁSICAS
DATA: 4 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Capacidade de traducir un texto orixinal a unha lingua vernácula e diseccionar a estrutura en compoñentes sintáctico-morfolóxicos. Tradución dos textos de ditos autores (50 %).	Competencia lingüística. Coñecemento dos autores establecidos polo grupo de traballo da CIUGA: Platón e Xenofonte.
Identificación dos elementos morfosintácticos dun texto (20%)	Competencia lingüística. Compoñentes morfolóxicos e sintácticos dun texto.
Capacidade de descompoñer os integrantes dunha palabra do seu idioma identificándoos e relacionándoos coas orixes gregas e comprendendo o significado que lles aporta. Aportación de palabras derivadas na lingua propia (10%)	Competencia lingüística. Composición e derivación das palabras das linguas oficiais relacionándoas con étimos gregos.
Coñecemento dos diferentes xéneros literarios gregos e o que supuxo na Literatura occidental. (20%).	Competencia socio-cultural. Literatura grega: Épica (Homero), Teatro (Sófocles), Lírica (Alceo, Safo, Anacreonte), Historia (Xenofonte) e Filosofía (Platón).

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Tradución dos autores. Análise morfosintáctica. Coñecemento dos xéneros literarios. Derivación dos étimos gregos nas linguas propias.
	Instrumentos: Probas diferenciadas de todos os contidos.
Cualificación final	Nas materias do Departamento seguiremos as pautas dadas polo Ministerio: será unha avaliación continua elaborada principalmente cos resultados dos dous trimestres presenciais e matizada polos traballos elaborados no confinamento. Teremos en conta as circunstancias radicalmente distintas e distópicas desta avaliación. O alumnado que presente o seu traballo con regularidade e atención poderá verse beneficiado á alza na súa cualificación ata un total do 20% no caso de estaren correctamente realizados. A nota do aprobado deberá ser un cinco na materia, tal e como está recollido na programación ordinaria.
Proba extraordinaria de setembro	Con respecto á avaliación extraordinaria de setembro o aprobado será tamén a nota de cinco. Os contidos da proba extraordinaria serán os vistos e estudados nos dous primeiros trimestres presenciais.
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación: Non hai pendentas nesta materia.
	Criterios de cualificación: Non hai pendentas nesta materia.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non hai pendentas nesta materia.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Tradución, análise e exercicios de repaso.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>En Grego II o alumnado terá que traballar un texto en grego cada sesión de clase, incidindo sempre na tradución e significado pero coa súa correspondente análise morfosintáctica. O autor será preferentemente Xenofonte coas súas obras históricas <i>Anábase</i> e <i>Helénicas</i>. Non se abandona por completo a tradución dos <i>Diálogos</i> de Platón pero a experiencia demostra que é un escritor excesivamente críptico para rapaces e rapazas. Buscaremos textos doados para que poidan ser accesibles aos seus coñecementos.</p> <p>Quedan contidos gramaticais de excepcional dificultade, non abordados ata agora, tales como os verbos oclusivos, os aoristos atemáticos ou modificacións fonéticas avanzadas na terceira declinación. Trataremos de subsanar isto telematicamente aínda que nas probas das ABAU habitualmente aparecen notas aclarativas que facilitan a comprensión para o examinando-a.</p> <p>De xeito paralelo e coordinado con Latín II, en Grego II xa se viu a parte teórica nas dúas primeiras avaliacións. Este trimestre servirá para rememorar e afianzar os contidos que xa deberían estar asimilados polos alumnos-as.</p> <p>Tanto en Latín II como en Grego II rematarase coa práctica e realización de probas ABAU realizadas en cursos anteriores. No caso de que as últimas semanas sexan presenciais será este traballo o que realizarán conxuntamente profesora e alumnado; no caso contrario, o seguemento será telemático.</p>
Materiais e recursos	Textos dos autores proporcionados pola profesora e apuntamentos que xa teñen no seu poder.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Esta addenda á programación do Departamento será publicada na páxina web do IES Elviña. Ademais o alumnado será informado pola profesora nos canles utilizados para a súa formación telemática; dispoñemos dos correos electrónicos dos rapaces e rapazas e serán avisados neles.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.